

INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 21:30 HORAS

**REGINA POLÍN: “O PSOE É A ÚNICA ALTERNATIVA EN GUITIRIZ
FRONTE A TRES AMIGOS ENFADADOS, RESPONSABLES
DO DESFEITO NO CONCELLO”**

“Lembremos o feito polo socialista e o desfeito por Teixido e os seus Concelleiros. Algúns agora candidatos doutras formacións, que veñen a ser exactamente o mesmo. Só cambiaron as siglas para amarranse ao sillón e seguir desfacendo”, subliñou Polín

“Duplicaron os seus soldos, recortaron servizos e paralizaron proxectos de futuro. Con estes feitos, ¿que credibilidade pode ter un candidato que di renegar de Teixido, cando foi partícipe das decisións do seu goberno e cobrou 135.000 euros por facelo?”

“Reduciremos os custos do goberno e faremos o centro de día e residencia na Casa da Botica, que bloquearon só porque é da Deputación. É un caso inédito na provincia. As obras dos restantes centros si avanzaron. As Fonsagrada e Castroverde remataron”

Concepción Burgo subliñou “a necesidade de que Regina volva a ser a alcaldesa de Guitiriz, xa que é a única que verdadeiramente pode garantir o benestar social da cidadanía e recuperar o proxecto de futuro para o municipio”.

Guitiriz, 20 de maio de 2015.- A candidata á alcaldía de Guitiriz -Regina Polín- acompañada da deputada autonómica -Concepción Burgo- e compañeiros da listaxe socialista neste municipio chairego, subliñou este mércores que “o PSOE é a única alternativa para recuperar o futuro de Guitiriz fronte a tres amigos enfadados, que son responsables do desfeito no noso Concello durante estes últimos catros anos”.

“Lembremos o feito e o desfeito. O feito durante 8 anos de goberno socialista e o desfeito neste mandato por Teixido e todos os seus Concelleiros. Algúns agora candidatos doutras formacións, que veñen a ser exactamente o mesmo. Só cambiaron as siglas. Son amigos enfadados, que tentan afastarse dos escándalos e desfeitos que protagonizaron neste mandato co único obxectivo de amarranse ao sillón para seguir desfacendo Guitiriz”.

“Teixido e todo o seu equipo de goberno, todos os seus Concelleiros, duplicaron os seus soldos, recortaron servizos públicos e paralizaron os proxectos de futuro, que impulsamos os socialistas en Guitiriz. Este é o balance da súa xestión”. Como principal exemplo, Polín subliñou que “bloquearon a construción do centro de día e residencia pública na Casa da Botica só porque o fai a Deputación. É un caso inédito na provincia, posto que a Deputación si puido avanzar coas obras dos restantes centros para maiores que constrúe en Concellos de todas as cores políticas. De feito, están rematados os de Castroverde e A Fonsagrada”.

“A primeira medida que tomaremos os socialistas se acadamos o apoio dos cidadáns será reducir os custos do goberno municipal, que duplicaron Teixido e os seus Concelleiros,



para, con este aforro, financiar os 200.000 euros que ten que achegar o Concello ao centro de día e residencia pública na Casa da Botica. Faremos realidade este proxecto”.

O “feito” e o “desfeito”

Polín apuntou máis exemplos do “feito” e do “desfeito”, e destacou: “os socialistas puxemos en marcha o Punto de Atención á Infancia, e Teixido e todos os seus Concelleiros reduciron o seu horario; nós impulsamos o Taller de Alume, e eles recortaron o servizo de transporte semanal; nós potenciamos o polígono, e eles deixárono morrer; nós creamos o primeiro viveiro de empresas no rural ou o Centro Loxístico de Transporte, e eles pecháronos; nós dotamos de alumeado público aos veciños de todo o Concello, e eles apagárono; nós acondicionamos os accesos aos 308 núcleos rurais, e eles non fixeron nada dende entón; nós creamos as Rutas da Agua, da Auga e da Pedra, e de Díaz Castro, e eles abandonáronas; nós potenciamos a práctica deportiva con importantes investimentos, e eles freárona; nós impulsamos órganos participativos para escoitar e responder ás necesidades dos veciños, e eles puxeron fin ao diálogo e á participación, blindando o Concello ao cidadáns...”

“Con estes feitos, ¿que credibilidade pode ter un Concelleiro que agora é candidato doutra formación e di renegar de Teixido, cando durante este mandato anos foi cómplice e participe das decisións do seu goberno, e cobrou ata 135.000 euros das arcas municipais por facelo?”.

“O ben feito nos avala. O PSOE é a única alternativa para recuperar o futuro de Guitiriz, para reconstruír o desfeito. E temos un proxecto para facelo, un proxecto co que restablecer e impulsar novas prestacións públicas, co que ofrecer novas oportunidades económicas e emprego, co que manter a Guitiriz como un dos Concellos da provincia de 5.000 habitantes...en definitiva, co que poñer fin á parálise á que Teixido e cada un dos seus Concelleiros someteron ao noso Concello durante estes catro anos. E todo isto, coa participación e a implicación dos veciños”.

“A única que pode recuperar o proxecto de futuro”

Pola súa banda, a deputada autonómica -Concepción Burgo subliñou “a necesidade de que Regina volva a ser a alcaldesa de Guitiriz, xa que é a única que verdadeiramente pode garantir o benestar social da cidadanía e recuperar o proxecto de futuro para o municipio”.

Burgo afirmou que “despois de 4 anos de goberno do PP, chegou o momento de que os veciños e veciñas deixen sufrir as consecuencias do desentendemento do rexedor popular e do seu equipo de goberno no tocante aos verdadeiros problemas do municipio e dos seus habitantes”. A deputada engadiu “mostra disto, é que o Teixido e os seus Concelleiros non fai nada para solucionar as inxerencias dos veciños, nin aporta propostas para o desenvolvemento do municipio. É máis, nin sequera deixaron facer á Deputación, como é o caso do centro de día e residencia pública na Casa da Botica”. Burgo concluíu aseverando que “estou segura que con Regina como alcaldesa, todos os proxectos paralizados polo goberno do PP sairán adiante para o beneficio de toda a cidadanía guitiricense”.

